

EN TORNO Ó TOPÓNIMO TOEDO

Fernando Cabeza Quiles

O apelativo de lugar **Toedo**, situado na parroquia do mesmo nome, no concello pontevedrés da Estrada, parece versión, co *-l-* intervocálico desaparecido, do castelán **Toledo**, nome da famosa e histórica cidade de Castilla-La Mancha.


Pensamos que este nome pode ter dúas possibles orixes. En primeiro lugar, pode ser un topónimo de traslado, traído a Galicia e ó actual concello da Estrada por un grupo de mozárabes procedentes de Toledo, que fundarían aquí un pequeno núcleo poboad o co nome da súa cidade de procedencia. Esta hipótese parece reforzarse, nun principio, coa presencia contrastada en Galicia de grupos procedentes da cidade de Toledo, o xentilicio dos cales sería “tol(e)dáns, na Galicia costeira ou occidental, e “toldaos” na central ou continental. Así, a grupos destes toldaos faría alusión, na Galicia interior, o topónimo **Toldaos** (Moralejo, 1977: 30 n. 19), que proviría da palabra **toletanus*, cunha perda temperá do *e* protónico, que impediría a desaparición do *-l-* intervocálico, pero que sería posterior á sonorización do *t* en *d* (Cabeza, 2000: 55). A este respecto, nunha cita de Du

Cange aparece “Et pergit per Toldanos usque ad Panton” (Moralejo, 1977: 94 n. 6).

A posible chegada a Galicia de grupos procedentes do sur vese reafirmada por outro topónimo. É o caso do nome de lugar **Cumbraos**, que sinala, nesta ocasión, o asentamento dun grupo de mozárabes procedentes da cidade de Coimbra (Moralejo, 1977: 30 n. 19).

Aínda considerando a presencia certa en Galicia de toldaos ou tol(e)dáns, os posibles fundadores e creadores do topónimo **Toedo**, esta teoría tropeza, segundo pensamos, coa perda do *-l-* intervocálico de **Toedo**, procedente de **Toletum*, xa que esta desaparición debeu producirse antes da chegada dos hipotéticos emigrantes procedentes da cidade de Toledo.

En canto á segunda posibilidade, para nós a máis fiable, coídamos que o topónimo **Toedo**, coma o seu case homónimo **Toledo**, pode proceder dunha base **tol*, “altura”, detalle orográfico que se cumple en relación ó noso **Toedo**, situado sobre unha pequena pero definida altura e, de maneira máis manifesta, no caso da cidade de **Toledo**.



Toedo, sobre unha pequena pero definida altura.

Ó anterior respecto, de **Toledo**, para nós o tocaio galego de **Toedo**, di o investigador Emilio Nieto: “A pesar de que la bibliografía es amplia y compleja, sólo puede asegurarse que *Toletum* es adaptación latina de un topónimo anterior, en el cual se puede aislar un elemento **tol-* cuyo significado es, probablemente, “altura”, presente en una amplia serie de topónimos de España y fuera de ella” (Nieto, 1997, voz *Toledo*: 340). Entre esa serie de topónimos atópase, segundo pensamos, o **Toedo** galego.

Outro autor que explica indirectamente o nome de lugar **Toedo**, a través do seu homónimo **Toledo**, é Josep Maria Albaigès, quen di que “**Toledo**, importante centro celtibérico carpetano, conocido por los romanos con el nombre de *Toletum*, citado abundantemente en los itinerarios de Antonino, Tolomeo, Mela, etc... procede de la raíz prerromana **tol*, posiblemente “altura” (Albaigès, 1998, voz *Toledo*: 595),

Pola nosa banda, á parte de **Toledo**, outros topónimos peninsulares probablemente emparentados co noso **Toedo** que destacamos e que estarán en cadansúa altura son outro **Toledo** situado na provincia de Huesca, **Toledillo** na de Soria e **Toleda** na de Badajoz

En canto a orixe do topónimo **Toledo** e, por extensión, do noso **Toedo**, parece moi antiga. Así, para o mestre Menéndez Pidal o **Toledo** español podería ter correspondencia cun **Toleto** lígur do Piemonte italiano da provincia de Alessandria e con outro **Tuleto** existente en Toscana (Menéndez, 1980: 173).

A mesma posible orixe lígur ou ilirio-lígur ou ambro-lígur-iliaria que propón para o topónimo **Toledo** Menéndez Pidal é referendada por Rafael Lapesa, quen atopa correspondencia entre o **Toledo** hispano e o devandito **Tolete** do Piemonte e con outro **Tolete** que hai en Lombardía (Lapesa, 1962. 14-15).

Para Moralejo Laso o substrato ilirio-lígur ou ambro-ilirio, coma di el, tamén estaría presente nos devanditos topónimos peninsulares **Toledo** (*Toletum* en época romana), o **Toledo** de Huesca, **Toledillo** de Soria, **Toleda** de Badajoz e o **Tolete** do

Piemonte. Todos estes nomes de lugar tiveron, segundo o citado profesor, o seu correspondente galego nun *castellum Toletum* tirado da expresión *castellani Toletenses* da inscrición latina dunha táboa de hospitalidade romana achada no Caurel e publicada na revista “Emerita”, XXVIII, 1960, 143-146 (Moralejo, 1977: 28 n. 13). Este *Toletum* é dado por desaparecido polo profesor Moralejo (Moralejo, 1977: 32 n. 23).

Malia o anterior, nós consideramos que o devandito e documentado *castellum Toletum* galego puido dar, por elipse ou desaparición do vocábulo *castellum* e perda do *-l-* intervocálico e sonorización do *-t-* tamén intervocálico, o topónimo **Toedo**, quizais desaparecido no Courel, pero presente no concello da Estrada.

A devandita desaparición do *-l-* entre vocais, que é característica do galego e do portugués fronte ás demais linguas románicas, non se dá nun lugar chamado **Toledo**, situado nun emprazamento elevado á esquerda do río Miño, fronte ó encoro ourensán de Castrelo (Rivas, 1994: 80). No ámbito portugués pasa o mesmo con outro lugar chamado **Toledo**, que suponemos tamén nun sitio elevado, situado no distrito de Lisboa, que pode conserva-lo seu o seu *-l-*, se fose nome antigo, por arcaísmo (Menéndez, 1980: 173).

Na provincia de Oviedo existe un lugar alto sobre o río Sella chamado **Toleo**, seguramente emparentado co noso **Toedo** e **Toledo**, que para o profesor Concepción proviría ou estaría relacionado coa variante prerromana de **twr*, “altura”, **tul*, “punta, cumbre de montaña” (Concepción, 2001: 617). Pola nosa banda, coñecemos outro lugar elevado, situado nas encostas de monte Naranco, a carón da cidade de Oviedo, chamado así mesmo **Toleo**.

O mencionado profesor tamén fai provir de **tul*, “punta, cumbre de montaña”, similar ó elemento **tol*, “altura”, que demos para explicar **Toedo**, o topónimo asturiano **Tolóbriga**, referido a unha altura rochosa, composto de **tul*, “cumbre de montaña” e o celta *briga*, “altura fortificada, fortaleza, castelo,

castro”. Isto fai que o nome de lugar **Tolóbriga** sexa unha repetición ou tautoloxía de altura ou altura fortificada. A este respecto, pensamos que tamén os topónimos **Toledo** e **Toedo**, **Toleda**, **Toleto**, etc. puideron nomear nun principio alturas fortificadas.

Outros topónimos asturianos co *-l-* intervocálico conservado, coma é perceptivo neste dominio lingüístico, que poden estar relacionados co de **Toedo**, todos situados en lugares elevados, son **Tolobre**, **Tolivia**, **Tolinas** e **Tol** (Concepción, 2001: 616-617).

En Galicia, topónimo similar ó devandito de **Tol** é o de **Tal**, nome dunha parroquia do concello de coruñés de Muros, que debeu nacer no lugar de **Tal de Arriba**, da mesma freguesía e que nós parece unha tautoloxía de altura. Esta repetición ou reincidencia produciríase cando os usuarios do nome de lugar próximo **Tal**, igual a altura, perderon a conciencia deste significado e superpuxeron para nomea-la mesma realidade orográfica o vocábulo máis recente (**de**) **Arriba**, étimos aínda en vixencia perfectamente relacionable coas características topográficas do lugar de **Tal de Arriba**. Este topónimo galego non perdeu o seu *l*, coma no caso de **Toedo**, proveniente de **Toletum*, por ser esa letra final de palabra e non intervocálica.

Volvendo á base ambro-lígur ou iliria **tol*, “altura”, dicir que os devanditos atributos ilirio, lígur e ambrón, que non se exclúen entre si, teñen en común a súa característica de seren substratos preindoeuropeos mediterráneos (Cabeza, 1992: 108) e que o pobo lígur, denominación literaria dos ambróns (Menéndez, 1980: 90), á parte do seu posible topónimo **Toedo**, deixou en Galicia a pegada da súa existencia no seu topónimo étnico **Ambroa**, nome dunha aldea do concello de Tordoia (A Coruña), e dunha freguesía anexa de Santa Olalla de Viña, concello de Irixoa (A Coruña) que, lembraría a tribo ou pobo antigo dos ambróns (Menéndez, 1980: 90).

Fóra de Galicia, aludiran ó mesmo grupo étnico os nomes de lugar **Ambrona**, en Soria –provincia na que hai un **Toledillo**–. Outro lugar chamado **Ambrona** na provincia de Cáceres. Un

Hambrón (con *h* antietimolóxico) en Salamanca. E dous Ambrões en Portugal.

Fóra da Península, topónimos referidos á mesma etnia deben ser **Ambruno** e **Ambrón** en Italia. E **L'Ambron** e **Lambronne** en Francia (Rabanal, 1967: 101).

Fóra de **Toedo**, **Toledo**, etc., outros topónimos de procedencia língur, iliria, ambroa (ou substrato mediterráneo occidental) son os que pertencen á ampla familia da voz “lama”, coma **Lama**, **Lamela**, **Lamazal**, **Lamazares**, **Lameira**, **Lameiro**, **Lamoso**, etc.



O lugar de Toedo vese coroado por un pequeno coto pedroso chamado
A Carballeira de Tanoira.

BIBLIOGRAFÍA

- ALBAIGÈS, J. M., (1998): *Enciclopedia de los topónimos españoles.* Barcelona, Planeta.
- CABEZA QUILES, F., (1992): *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado.* Vigo, Ed. Xerais.
- CABEZA QUILES, F., (2000): *Os nomes da terra. Topónimos galegos.* Noia, Ed. Toxosoutos.
- CONCEPCIÓN SUÁREZ, J., (2001): *Diccionario toponímico de la montaña asturiana.* Oviedo, Ed. KRK.
- LAPESA, R., (1962): *Historia de la lengua española.* Madrid, Escelicer.
- MENÉNDEZ PIDAL, R., (1980): *Toponimia prerrománica hispana.* Madrid, Gredos.
- MORALEJO LASO, A., (1977): *Toponimia gallega y leonesa.* Santiago, Ed. Pico Sacro.
- NIETO BALLESTER, E., (1997): *Breve diccionario de topónimos españoles.* Madrid, Alianza Editorial.
- RABANAL, M., (1967). *Hablas hispánicas, temas gallegos y leoneses.* Madrid.
- RIVAS QUINTAS, E., (1994): *Lingua galega, nivéis primitivos.* Santiago, Ed. Laiovento.